

TELEMARX

CONTEXTO SOCIAL E CULTURAL

Nesta época (século XIX) prodúcese a Revolución industrial, que supuxo o paso da manufactura artesá á produción fabril: este proceso iniciárase a finais do s. XVIII en Gran Bretaña e extendeuse por toda Europa. Dunha economía baseada na agricultura e na manufactura doméstica, pasouse á produción mecánica en grandes fábricas, onde se concentraban os traballadores e os medios de produción (maquinaria, ferramenta, materias primas). A consecuencia foi un aumento da produción e o rápido incremento do capital. Este concentrouse en poucas mans, as dos empresarios burgueses. Os traballadores (proletariado) sufrían unha explotación inhumana: traballo infantil, xornadas de ata 14 horas, sen medidas hixiénicas, de seguridade, sen subsidios por enfermidade ou vellez...e todo por un salario miserable.

Así, a Revolución industrial conlevou a consolidación do **capitalismo**. Alén dun modelo de produción económica, converteuse nun novo sistema político e social. No aspecto ideolóxico, o capitalismo era dirixido por un liberalismo económico (centrada no non-intervencionismo estatal nas iniciativas económicas particulares) e un liberalismo político herdado de John Locke (máis liberdade civil e maior participación cidadá nas decisións de goberno).

As revolucións burguesas do século XVIII foron conducidas polo **liberalismo**, e asentaron as primeiras democracias modernas en Europa e América. As revolucións do século XIX foron radicalizándose e adquirindo un forte compoñente social: as aspiracións do proletariado non sempre coincidían coas da burguesía.

CONTEXTO VITAL

Karl Marx nace en 1818 en Tréveris, Renania, por entón rexión de Prusia. Comezou os estudos universitarios en Bonn, pero a súa inadaptación levou a seu pai a trasladalo á de Berlín: alí tiña o seu apoxeo a filosofía de Hegel e, aínda que non foi alumno directo, contactou e simpatizou cos críticos e radicais mozos da “esquerda hegeliana” (influencia decisiva no seu pensamento posterior).

En 1841 doutorouse (con unha tese sobre Epicuro), pero viu frustrada a súa aspiración a exercer como docente na Universidade: o reaccionario goberno prusiano impedía o acceso a aqueles intelectuais críticos coa política conservadora. Como alternativa, gañouse a vida como peridista na Gaceta Renana, mais este xornal foi clausurado polo goberno, e tivo que se exilar en París.

En París relacionouse con grupos clandestinos de demócratas e socialistas. Nesta época leu a autores como Saint-Simon e Fourier, que reivindicaban a necesidade de reformas sociais. Alí coñeceu aos anarquistas Proudhon e Bakunin, dos que se distanciara por discrepancias ideolóxicas. Expulsado tamén de París, instalouse en Bruxelas, onde intensificou a súa actividade política. A instancias dunha asociación obreira, redactou, xunto a Friedrich Engels, o **Manifesto comunista** (1848). Trátase dun texto sinxelo e básico, pero que contén o fundamental do ideario comunista. A Revolución de 1848 obrigouno a viaxar por Europa, ata se instalar en Londres, onde viviría ata a súa morte. Nos anos 60 dedicouse á súa grande obra: **O capital**, que o seu amigo Engels completaría tras a morte de Marx en 1883.

CONTEXTO FILOSÓFICO

A esquerda hegeliana.- Na época de estudante en Berlín, Marx viuse especialmente influenciado por un dos estudantes destacados e máis críticos de Hegel, Ludwig **Feuerbach**. Ponte entre **Hegel** e Marx, foi quen deu o xiro materialista á filosofía do mestre, e introductor do concepto de alienación relixiosa:

Materialismo.- Feuerbach argumentou que a estrutura da realidade non se agocha no desenvolvemento da idea, senón nas cousas naturais e concretas do noso entorno: é necesario retornar á natureza e á materia para chegar a un auténtico coñecemento do real.

Alienación relixiosa.- Para Feuerbach, deus é unha creación humana. O home nega a si mesmo as súas propias excelencias (amor, bondade, sabedoría...) e atribúlleas a un ser superior pero ilusorio: deus reuniría, así, os atributos que constitúen a grandeza humana. Pero, ao ser proxectados, o home queda desposuído deles e perde o que é propio da súa natureza. Así, a invención de deus deshumaniza o home mesmo, aliénao.

O socialismo utópico.- A mediados do século XIX apareceron unha serie de pensadores que, sensibilizados ante a situación de opresión e inxusticia da clase obreira, reivindicaron reformas sociais con que saldar eses agravios. Mesmo poñen en práctica cooperativas e comunas, propostas concretas para mellorar as condicións de produción e distribución da riqueza. Os principais foron Saint-Simon, Fourier e Owen. A súa inxenuidade e falta de validez científica dos seus proxectos motivaron as críticas dos marxistas a o apelativo de utópicos.

O anarquismo.- Para os anarquistas, a única maneira de reformar a sociedade é rexeitar calquera forma de poder, pois este sempre é fonte de corrupción. Mijail Bakunin e Joseph Proudhon estaban convencidos de que o poder e o Estado, estivesen en mans de quen fora, xeran opresións e inxustizas. Por isto propugnan a destrución do Estado como único medio para conseguir que o ser humano fose auténticamente libre, bo e solidario.

Ainda que o obxectivo do anarquismo e do marxismo coincidisen (transformar e reformar a sociedade) os medios oportunos para levalo a cabo propostos por uns e outros diverxían enormemente. Na I Internacional (congreso onde os representantes do proletariado buscaban unha liña de acción común), o enfrontamento entre Bakunin e Marx evidenciou o afastamento que produciría a primeira escisión dentro do movemento obreiro.

O liberalismo económico.- Adam Smith e David Ricardo foron os máis destacados representantes dunha liña de pensamento que, no século XVIII, traballaron para xustificar o liberalismo económico propio do capitalismo da súa época, en consonancia co liberalismo político defendido nas revolucións burguesas.

Segundo estes, as leis do capitalismo son leis naturais e inamovíbles que é preciso asumir e respectar. Por iso, políticas como as da oferta e a demanda e as consecuencias que se desprenden da súa aplicación, como a inseguridade e a precariedade que comporta para os obreiros, considerábanse, ademais de inevitables, necesarias para o sistema. Marx rexeitará esta análise do capitalismo.

ALIENACIÓN

Marx considera que toda forma de alienación (social, relixiosa) se produce como consecuencia da **alienación económica**. O traballo (a praxe) é natural e esencial ao ser humano. Como forma de relación coa natureza e medio para garantir a subsistencia, o traballo convértese nunha necesidade, e tamén nunha forma de humanización, xa que posibilita a realización persoal. Pero na sociedade capitalista o traballo non dignifica, senón todo o contrario, desposúe e aliena. No sistema económico liberal o traballo convértese nun instrumento de explotación.

O termo *alienación* procede do vocablo latino alienus (outro) e con Marx adquire un matiz pexorativo, estar desterrado ou fora de si mesmo. Prodúcese alienación cando o traballador non se sente recoñecido nin valorado, nin sente que aquilo que realiza sexa realmente seu. Así pois, dase a un dobre nivel: con respecto ao produto do traballo e con respecto ao acto mesmo de traballar. Con respecto ao produto, dase alienación cando o traballador non se recoñece naquilo que crea, porque non lle pertence. O obxecto do seu traballo convértese en mercadoría e, coa transacción,

acaba sendo capital, é dicir, transfórmase nun instrumento máis de explotación. Paradóxicamente, o obreiro fabrica o medio da súa explotación.

Con respecto ao acto de traballar: é un acto que se impón e ten lugar en condicións infrahumanas. O traballador non ten ningunha posibilidade de desenvolver as súas capacidades intelectuais e espirituais, pois el mesmo pasa a ser unha peza máis da engranaxe produtiva.

Esta alienación económica concrétese na **plusvalía**, mecanismo que está na base da explotación dos que só posúen a forza do seu traballo por parte dos propietarios dos medios de produción.

A acumulación de capital só é posible se uns poucos acaparan os medios de produción e se aproveitan diso. Esta acumulación da que gozan os propietarios provén do incremento que se da entre o capital investido na produción e o capital obtido na venda da mercadoría: prodúcese un plus no valor do produto, unha diferenza que só lle convén ao empresario, xa que provén de aquilo que se lle estafa ou non se lle retribúe ao obreiro no salario, en tanto que o prezo ao que se vende unha cadeira, por exemplo, non corresponde ao que se lle paga ao obreiro por facela. O propietario xustifica esta desproporción alegando que no valor do produto non só se ten que contar o valor do traballo do obreiro, senón que ademais hai que lle sumar o valor dos medios de produción (maquinaria, instalacións...). Como estes lle pertencen ao propietario, é xusto que sexa el quen se beneficie deles. Porén, Marx denuncia esta práctica como unha apropiación ilexítima: a maquinaria non só lle pertence ao burgués que a comprou, senón que tamén lle debería pertencer ao obreiro que a fabricou. Os medios de produción deberían ser sociais e non privados.

A plusvalía é inherente ao capitalismo, onde todo se converte en mercadoría e queda supeditado ás leis da oferta e a demanda, incluso o traballo humano. O excedente de man de obra determina que o traballador se valore moi por debaixo do seu valor real, isto tradúcese nuns salarios irrisorios que chegan ao nivel da subsistencia, é dicir, ao mínimo suficiente para que o traballador se manteña vivo e continúe traballando.

Da alienación económica derivan a **alienación social** e **relixiosa**. A social dase pola estrita e discriminatoria división en clases, segundo posúan ou non os medios de produción, división comporta o recoñecemento ou non de privilexios sociais. Isto é causa de que os desfavorecidos economicamente, ademais de soportar penurias económicas, se vexan privados do recoñecemento da súa dignidade como persoas e como cidadáns.

No ámbito relixioso, Marx considera que as relixións supoñen un medio para manter oprimida á clase máis desfavorecida. A crenza nun futuro celestial, onde todos os seres humanos serán iguais ante deus, propicia que se resignen ás desigualdades e inxustizas reais. A promesa dun alén mellor atenúa as ansias de transformación social e fai aceptables situacións intolerables. Chegou a dicir: “-A relixión é o opio do pobo”, xa que adormece as súas reivindicacións.

IDEOLOXÍA

O **materialismo** de Marx supón a tese de que non son as ideoloxías as que determinan unha realidade concreta, senón que, precisamente, é a realidade material a que produce a súa propia **ideoloxía**. Son as relacións e as tensións económicas, o particular sistema de produción dunha comunidade, aquilo que condiciona a cultura, a relixión, os costumes e a moral desa mesma comunidade.

Noutras palabras, non é o Espírito (o conxunto de produción intelectuais dun pobo), como sostíña Hegel, o que constrúe a realidade e conduce a historia, senón que son as condicións concretas, sociais e económicas, as que marcan a forma de pensar e a cosmovisión dun pobo. Para Marx, pois, non é nada extraño que comunidades onde se manteñen formas de vida diferentes (por exemplo, a África tribal e a Europa industrial) sosteñan costumes e crenzas diferentes. Chámalle **infraestrutura** á base material (forzas e relacións de produción), e **superestrutura** ao produto “espiritual” daquela (cultura, institucións, ideoloxías, costumes, normas morais...)

Resumindo, cabe dicir que Marx é hegeliano en tanto que concibe o devir histórico como proceso dialéctico que ten como motor as contradicións e oposicións históricas, pero afástase do idealismo de Hegel ao soste que estas contradicións danse no modo de oposición e superación de diferentes sistemas de produción de bens materiais. Por isto o marxismo é denominado **materialismo dialéctico**, xa que é a materia (economía), coas súas tensións, a que fai avanzar a historia nun proceso de confrontación e superación. Así, un sistema concreto (tese), debido ás incoherencias internas, xera o seu propio oposto (antítese). Do enfrentamento entre ambas situacións xorde unha situación nova (síntese) que supera as anteriores e sitúase como novo punto de partida dunha transformación ulterior (pasa a ser unha nova tese).

Esta concepción da historia, o **materialismo histórico**, convértese nun método de análise (que os marxistas consideran científico) da realidade social. Tal método debe servir tanto para descubrir as leis e mecanismos que rixen o desenvolvemento histórico como para prever o futuro social. Aplicado á historia máis recente, e tomando o capitalismo como tese, o materialismo histórico descobre cales son as contradicións que se xeran nas relacións de produción. Estas relacións son de explotación e opresión entre os que posúen os medios de produción (propietarios) e os que sómente posúen a súa propia forza de traballo (proletariado) van provocar a negación e superación do capitalismo. Os obreiros, como clase dominada, rebélanse e instauran a ditadura do proletariado (antítese). Desta oposición xorde unha nova situación económica e social, o chamado **comunismo** (síntese).

o capitalismo e o comunismo como dos sistemas opostos (e enfrontados no que se chamou "guerra fría"), Marx considerara o comunismo como unha evolución natural do capitalismo. Segundo el, o capitalismo resulta insostible porque as **crises**, causadas pola saturación do mercado, serían cada vez maiores. Por iso inevitablemente camiña cara a súa destrución nunha fase transitoria, de negación, na que haberá o dominio dunha **ditadura do proletariado**. Entón o Estado xa non será un Estado burgués, senón un **Estado proletario**. Con todo, esta organización socialista será só unha etapa transitoria de preparación para a chegada do comunismo. Esta fase final, a síntese do proceso revolucionario, supoñerá a desaparición do Estado, e a última e definitiva etapa da historia, xa que desaparecerá a división en clases e, por tanto, a loita de clases, o motor da historia. Daquela, por fin, a humanidade gozará de paz, igualdade e liberdade.

EPÍLOGO

A pesar das escisións e reinterpretacións ás que foi sometido, o marxismo foi a corrente filosófica contemporánea que marcou máis profundamente a evolución dos acontecementos posteriores (século XX).

Inmediatamente despois da morte de Marx, esta corrente sufriu un proceso de escisión que deu lugar a dúas interpretacións opostas. Por un lado os revisionistas evolucionaron cara interpretacións menos materialistas. Para eles, xa non sería evidente que o capitalismo evoluciona inexorablemente cara a súa superación. Constataron que o capitalismo mostraba unha insospeitada capacidade de superación das súas propias crises. Por iso, os revisionistas defenderán a vía democrática, en lugar da ditadura do proletariado, como camiño de acceso ao socialismo. Esta primeira interpretación recibe o nome de **socialdemocracia** e é a que domina a Europa occidental.

Contra os revisionistas, impoñeráse a interpretación ortodoxa, que non quere renunciar a ningunha das teses de Marx e reafirma a caída do capitalismo e a función histórica da ditadura do proletariado. Non renuncian, por tanto, á acción revolucionaria (mesmo violenta cando é preciso) para acceder ao socialismo. Precisamente foi en Rusia, que non tiña un capitalismo avanzado pero si un proletariado concentrado e revolucionario, onde se produciu en 1917, guiada por **Lenin** (1870-1924), a primeira gran **revolución socialista**. Con todo, a pesar das diferenzas, tanto o marxismo occidental como o da Europa oriental buscarán combater con maior ou menor acerto a alienación e a miseria humanas. Sen ningún tipo de dúbidas, o marxismo, en calquera das súas interpretacións, permanecerá profundamente ligado á historia dos séculos XX e XXI.

"Os filósofos limitáronse ata agora a interpretar o mundo de diversos modos. Do que se trata agora é de transformalo." Karl Marx

